

Substancia	Condições de uso	
	Tódolos dietéticos	Só en alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais
Molibdeno (VI):		
Molibdato amónico	X	
Molibdato sódico	X	
Flúor:		
Fluoruro potásico	X	
Fluoruro sódico	X	
Categoría 3. Aminoácidos		
L alanina	X	
L-arxina	X	
Ácido L-aspartico		X
L-citrulina		X
L-cisteína	X	
L-cistina	X	
L-histidina	X	
Ácido L-glutámico	X	
L-glutamina	X	
Glicina		X
L-iso-leucina	X	
L-leucina	X	
L-lisina	X	
Acetato de L-lisina	X	
L-metionina	X	
L-ornitina	X	
L-fenilalanina	X	
L-prolina		X
L-treonina	X	
L-triptófano	X	
L-tiroxina	X	
L-valina	X	
<i>No tocante ós aminoácidos, tamén poderán utilizarse, na medida do posible, os seus sales sódicos, potásicos, cálcicos e magnésicos, así como os seus clorhidratos</i>		
Categoría 4. Carnitina e taurina		
L-carnitina	X	
Clorhidrato de L-carnitina	X	
Taurina	X	
Categoría 5. Nucleótidos		
Ácido adenosina-5'-fosfórico (AMP)	X	
Sales sódicas do AMP	X	
Ácido citidina-5'-monofosfórico (CMP)	X	
Sales sódicas do CMP	X	
Ácido guanosina-5'-fosfórico (GMP)	X	
Sales sódicas do GMP	X	
Ácido inosina-5'-fosfórico (IMP)	X	
Sales sódicas do IMP	X	

Substancia	Condições de uso	
	Tódolos dietéticos	Só en alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais
Ácido uridina-5'-fosfórico (UMP)	X	
Sales sódicas do UMP	X	
Categoría 6. Colina e inositol		
Colina	X	
Cloruro de colina	X	
Bitartrato de colina	X	
Citrato de colina	X	
Inositol	X	

MINISTERIO DE FOMENTO

18097 REAL DECRETO 914/2002, do 6 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Control Metrolóxico. («BOE» 224, do 18-9-2002.)

O punto 1 do artigo oitavo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, esixía na súa primitiva redacción que as persoas ou entidades que se propuxesen fabricar, importar, comercializar, reparar ou ceder en arrendamento os instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida referidos no seu artigo sétimo, é dicir, os que esixisen a superación de control metrolóxico, terían que solicitar e obter previamente a súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico, nos supostos e condicións que regulamentariamente se determinasen.

Co obxecto de cumpri-lo referido mandato legal, polo Real decreto 1618/1985, do 11 de setembro, establécese o Rexistro de Control Metrolóxico.

A entrada en vigor do Mercado Único Europeo en 1986 conduciu á modificación de todas aquelas normas dos estados membros que polo seu contido puidesen representar barreiras ou trabas técnicas á libre circulación de produtos e mercadorías. Con tal fin, o artigo 176 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou o punto 1 do artigo oitavo da Lei de metroloxía, no sentido de elimina-la obriga de inscrición previa no Rexistro de Control Metrolóxico para realiza-las actividades sinaladas neste precepto.

Por outra parte, o Tribunal Constitucional, nas súas sentencias 100/1991, do 13 de maio, e 236/1991, do 12 de decembro, declarou que a creación e réxime xurídico do Rexistro de Control Metrolóxico, ó ser actividade normativa, pertence á competencia de lexislación do Estado, o cal pode, no seu lexítimo exercicio, crear un rexistro único de alcance nacional; polo contrario, a xestión do rexistro, por ser actividade de execución, correspóndelles ás comunidades autónomas segundo os seus respectivos estatutos de autonomía.

En consecuencia, aínda que non exista baleiro normativo nesta materia, é preciso proceder a unha revisión das normas regulamentarias reguladoras do Rexistro de Control Metrolóxico co obxecto non só de as adaptar plenamente ás modificacións descritas, senón en espe-

cial para recolle-las necesidades xurdidas nos seus anos de funcionamento.

Este real decreto apróbase ó abeiro do artigo 149.1.12.^a da Constitución, que atribúe competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación de pesos e medidas.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de setembro de 2002,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e fins.*

1. Este real decreto ten por obxecto regula-lo Rexistro de Control Metrolóxico como rexistro único de alcance nacional, os datos do cal estarán centralizados no Centro Español de Metroloxía, organismo do que dependerá o citado rexistro. As actuacións propias da xestión deste rexistro corresponden ás administracións públicas competentes.

2. O Rexistro de Control Metrolóxico ten os fins seguintes:

a) Darlles publicidade ós feitos e actos que afectan ó control metrolóxico, obxecto dos actos rexistrados.

b) Rexistra-las persoas ou entidades que actúan no ámbito da metroloxía legal, segundo o establecido no punto 1 do artigo oitavo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e custodia-la documentación requirida para a inscrición.

c) Lexitima-la persoa ou entidade inscrita para a reparación de instrumentos de medida, a través dos certificados de inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico, para actuar a nivel nacional na actividade obxecto da inscrición.

d) Centraliza-los datos básicos dos asentos rexistrados e ofrecer ás administracións públicas a información necesaria para poder realizar unha actividade coordinada no campo do control metrolóxico.

e) Subministra-los datos necesarios para a elaboración das estatísticas metrolóxicas que se requiran para fins estatais.

Artigo 2. *Inscrición.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que fabriquen, importen, comercialicen, reparen ou cedan en arrendamento os instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida suxeitos a control metrolóxico nalgunha das súas fases, inscribíranse no Rexistro de Control Metrolóxico.

2. As persoas físicas ou xurídicas residentes nun país pertencente á Unión Europea ou asinante do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, que fabriquen, importen, comercialicen ou cedan en arrendamento instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida suxeitos a control metrolóxico nalgunha das súas fases, serán inscritas no Rexistro de Control Metrolóxico ó solicitaren calquera operación substantiva de carácter metrolóxico ou cando voluntariamente presenten a súa solicitude de inscrición ante a Administración pública competente.

3. As persoas físicas ou xurídicas non residentes nun país pertencente á Unión Europea ou non asinante do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, que se propoñan fabricar, importar, comercializar ou ceder en arrendamento instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida, suxeitos a control metrolóxico nalgunha das súas fases, deberán solicitar e obter-la súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico ante os

servicios competentes das comunidades autónomas ou, no seu defecto, ante o Centro Español de Metroloxía.

4. As persoas físicas ou xurídicas que se propoñan reparar instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida, suxeitos ó control metrolóxico nalgunha das súas fases, deberán solicitar e obter-la súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico ante os servicios competentes da Comunidade Autónoma na que teñan fixada a súa sede social.

Artigo 3. *Solicitud de inscrición.*

1. As persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 2.2 achegarán os seguintes datos para obter-la súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico:

a) Nome e apelidos do solicitante, ou a denominación ou razón social se for persoa xurídica.

b) Número do documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal.

c) Domicilio do solicitante ou da entidade.

d) Lugar de localización da fábrica ou instalacións.

e) Características fundamentais dos instrumentos de medida que fabrica, importa ou comercializa, con indicación da actividade para a que desexa ser inscrito.

2. As persoas físicas ou xurídicas incluídas no artigo 2.3 solicitarán a súa inscrición mediante instancia dirixida á Administración pública competente. Ademais dos datos mencionados no punto anterior, deberán achegar tamén os documentos ou certificados oficiais acreditativos da personalidade xurídica do solicitante.

3. As persoas físicas ou xurídicas incluídas no artigo 2.4 deberán solicita-la súa inscrición mediante instancia na que deberán consta-los seguintes datos:

a) Nome e apelidos do solicitante, ou a denominación ou razón social se for persoa xurídica.

b) Número do documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal.

c) Domicilio do solicitante ou da entidade.

d) Lugar de situación das súas instalacións.

e) Tipos de instrumentos de medida obxecto da inscrición, indicando as características deles de acordo coas disposicións específicas que os regulen.

Como anexos a esta instancia deberán achegarse os seguintes documentos:

1.º Fotocopia autenticada do NIF ou do CIF.

2.º Fotocopia da escritura pública ou certificado de rexistro mercantil que acredite a personalidade xurídica do solicitante.

3.º Relación detallada do persoal da súa empresa, indicando nome, apelidos, número do documento nacional de identidade, cualificación e experiencia.

4.º Relación de medios técnicos dispoñibles debidamente acreditada, para levar a cabo as reparacións que, se é o caso, serán as que fixen as disposicións legais específicas.

4. Cando as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 2 actúen tamén como reparadores de instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida, suxeitos ó control metrolóxico nalgunha das súas fases, deberán achegar, para obter a súa inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico, tódolos datos e documentos esixidos ós reparadores no punto 3 deste artigo, ademais dos preceptuados nos correspondentes puntos 1 e 2.

Artigo 4. Número identificativo da inscrición.

1. A toda inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico asignaráselle un número identificativo, que estará composto da seguinte forma: «XX-Y-ZZZ». O seu significado é o seguinte:

1.º «XX» son os dous díxitos correspondentes á Administración pública que efectúe a inscrición, de acordo coa relación de códigos de identificación contida no anexo I deste real decreto.

2.º «Y» é a letra que serve para identifica-lo sector de actividade, de acordo cos códigos de identificación relacionados no anexo II.

3.º «ZZZ» son os tres díxitos correspondentes ó número correlativo de rexistro dentro de cada sector de actividade, asignados pola Administración pública que leve a cabo a inscrición.

2. Cando a persoa inscrita no rexistro se dedique tamén á reparación de instrumentos de medida, ademais de ás restantes actividades relacionadas no punto 1 do artigo 2, o mencionado número identificativo da inscrición quedará constituído como segue: «XX-Y-ZZZ-R». Nestes casos, a letra «R» maiúscula servirá para indicar que a persoa inscrita é un reparador.

Artigo 5. Certificado de inscrición e prazo de duración.

1. A Administración pública competente, unha vez comprobada a documentación presentada e realizadas as actuacións que se consideren necesarias, procederá á inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico, emitindo un certificado acreditativo da inscrición, do que o modelo se recolle no anexo III deste real decreto.

No caso dos reparadores de instrumentos de medida, este certificado irá acompañado dun anexo no que se recollerá toda a información sobre os precintos que se deberán utilizar para efectua-lo precintado dos instrumentos reparados, con indicación expresa da forma, material do precinto e inscricións.

2. A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico ten un prazo de duración de cinco anos, contado a partir da data en que se efectuase a inscrición. A renovación desta deberá ser solicitada polo interesado, ante a Administración pública que realizou a inscrición, un mes antes da data do seu vencemento. A renovación farase polo mesmo prazo de cinco anos.

Artigo 6. Centralización de datos no Rexistro de Control Metrolóxico.

A Administración pública competente deberá remitir os datos de inscrición ó Centro Español de Metroloxía, para efectos da súa centralización no Rexistro de Control Metrolóxico.

Artigo 7. Modificación de datos.

Calquera modificación ou cambio nas circunstancias acreditadas nos documentos presentados, sobrevida con posterioridade á inscrición, deberá ser comunicada á Administración pública que realizou a inscrición, que a ratificará ou a poderá cancelar se é o caso. A modificación de datos deberá ser comunicada ó Centro Español de Metroloxía para efectos da súa centralización.

Para cada acto rexistral posterior emitirase un novo certificado de inscrición co mesmo número de rexistro xa asignado na primeira inscrición, sempre e cando o operador económico non amplíe a súa actividade a outro sector.

Artigo 8. Cancelación da inscrición.

Cando en virtude de revisións de oficio ou por calquera outro medio, a Administración pública competente comprobe que se produciu falseamento, declaración inexacta ou modificación dos datos e circunstancias que serviron de base para a inscrición, poderá proceder á súa cancelación, logo de audiencia do interesado, sen prexuízo da sanción que procedese segundo o previsto no artigo 10 deste real decreto.

Artigo 9. Publicidade.

O Rexistro de Control Metrolóxico terá carácter público en relación cos datos das persoas que se atopen inscritas nel, o número de inscrición asignado e a actividade para o exercicio da cal obtivesen a inscrición, de entre as enumeradas no punto 1 do artigo oitavo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.

O Centro Español de Metroloxía, en coordinación coas administracións públicas competentes, adoptará as medidas necesarias para asegura-la compatibilidade e intercomunicabilidade dos sistemas e aplicacións informáticas para a xestión do Rexistro de Control Metrolóxico, de maneira que a recollida, transmisión de datos e publicidade das inscricións se realicen coa maior eficacia administrativa e ó menor custo posible.

Artigo 10. Réxime sancionador.

O incumprimento das obrigas relacionadas co Rexistro de Control Metrolóxico será sancionado segundo o disposto no capítulo V da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e de acordo co procedemento previsto no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria única. Validez das actuais inscricións.

As persoas físicas ou xurídicas que xa se atopen inscritas no Rexistro de Control Metrolóxico no momento de entrada en vigor deste real decreto poderán seguir utilizando, durante un prazo máximo de dous anos, o número de inscrición que teñan asignado no dito momento, procedendo no dito prazo a actualiza-la inscrición.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 1618/1985, do 11 de setembro, polo que se establece o Rexistro de Control Metrolóxico, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto por este real decreto.

Disposición derradeira única. Habilitación de desenvolvemento e modificación.

Autorízase o ministro de Fomento para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do disposto neste real decreto, así como para modifica-los seus anexos para os acomodar ás necesidades da mellor xestión do Rexistro de Control Metrolóxico.

Dado en Madrid o 6 de setembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

ANEXO I**Códigos de identificación
das administracións públicas**

Os códigos que utilizarán as administracións públicas actuantes estarán constituídos polos dous díxitos que se relacionan na táboa seguinte:

Centro Español de Metroloxía	00
Comunidade Autónoma do País Vasco	01
Comunidade Autónoma de Cataluña	02
Comunidade Autónoma de Galicia	03
Comunidade Autónoma de Andalucía	04
Comunidade Autónoma do Principado de Asturias	05
Comunidade Autónoma de Cantabria	06
Comunidade Autónoma de La Rioja	07
Comunidade Autónoma de la Región de Murcia ..	08
Comunidade Valenciana	09
Comunidade Autónoma de Aragón	10
Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha ...	11
Comunidade Autónoma de Canarias	12

Comunidade Foral de Navarra	13
Comunidade Autónoma de Extremadura	14
Comunidade Autónoma das Illes Balears	15
Comunidade Autónoma de Madrid	16
Comunidade Autónoma de Castilla y León	17

ANEXO II**Código de identificación de sectores de actividade**

M	Masa, forza e pesaxe.
E	Electricidade.
G	Gases.
A	Auga.
H	Hidrocarburos.
P	Presión.
D	Dimensional.
V	Volumetría.
C	Termometría e calorimetría.
T	Tempo e frecuencia.
N	Preenvasados.
I	Instrumentos especiais.

ANEXO III**Modelo de certificado de inscrición**

O certificado de inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico axustarase ó modelo que se inclúe a seguir. No caso de reparadores de instrumentos de medida engadirase un anexo coa información sobre os precintos que se van utilizar.

**CERTIFICADO DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE CONTROL METROLÓXICO**

Cumpridos os requisitos establecidos no Real decreto 914/2002, do 6 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Control Metrolóxico, e de acordo co disposto no seu artigo 5, expídese este certificado de inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico, a favor de:

Nome ou razón social:
Enderezo:
CIF:

Con número asignado de Rexistro de Control Metrolóxico:

Para as seguintes actividades:

De acordo coas seguintes disposicións legais:

O prazo de duración deste certificado é de cinco anos. Calquera cambio producido nas circunstancias acreditadas nos documentos presentados para a inscrición sobrevido con posterioridade deberá ser notificado a este servizo, que ratificará a inscrición ou poderá cancelala se é o caso.

Igualmente poderá procederse á cancelación da inscrición cando, en virtude de revisións de oficio ou por calquera outro medio, se comprobe que se produciu falseamento ou declaración inexacta dos datos e circunstancias que serviron de base a aquela.


Lugar e data

Sinatura


Reparadores de instrumentos de medida anexo ó certificado

Precintos asignados ó reparador con número de rexistro de control metrolóxico:

Os precintos que se utilizarán nas operacións de reparación para as que o reparador estea autorizado serán da forma e cos contidos que se indican a seguir:

*Precinto de dúas caras***Anverso****Reverso**

No anverso do precinto deberá figura-lo número identificativo da inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico. No reverso figurarán dúas cifras, que corresponderán ós dous últimos díxitos do ano no que se efectuase a reparación.

Precinto embutido ou dunha cara

Na metade superior do precinto recollerase o número identificativo da inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico. Na metade inferior deberán aparece-las dúas cifras correspondentes ós dous últimos díxitos o ano no que se efectuase a reparación.